

SOLEMNIDADE DA SANTÍSIMA TRINDADE (C)

PRIMEIRA LECTURA Prov 8, 22-31

Lectura do libro dos Proverbios

Isto di a Sabedoría de Deus: - O Señor posuíume ó enceta-la súa tarefa, antes das súas primeiras actividades; desde a antigüidade, desde o remoto pasado fun formada, antes das orixes da terra.

Aínda non había océanos abismais, cando fun xerada, nin había mananciais de auga; antes de que fosen afincadas as montañas, denantes dos outeiros fun dada a luz; aínda non fixera a terra e as campías nin os terróns primeiros do mundo.

Cando afirmaba o ceo, alí estaba eu; cando gravaba o cerco arredor do abismo, cando aseguraba as nubes no alto e daba enerxía ás fontes subterráneas, cando lle impuxo os lindes ó mar de xeito que as augas non incumprisen o seu mandato, cando fixaba os alicerces da terra, alí mesmo estaba eu, cabo del, coma un aprendiz: eu era o seu pracer día tras día: Entretíñame diante del continuamente, recreábame no orbe da terra. A miña delicia é estar cos fillos dos homes.

SALMO RESPONSORIAL Sal 8, 4-5. 6-7. 8-9

R/. (2a): **¡Señor, noso Señor, que grande é o teu nome en toda a terra!**

Cando contemplo o ceo, feitura da túa man,
a lúa e as estrelas que nel dispuxeches,
¿que é o home, para que te lembres del,
o fillo do home, para que o veñas visitar?

Fixéchelo pouco menos ca un anxo,
coroáchelo de honor e dignidade;
décheslle mando sobre as obras das túas mans,
todo o sometiches baixo os seus pés.

Rabaños de ovellas e touros,
e mesmo os animais en liberdade,
os paxaros do ceo e os peixes do mar,
que fan carreiros polas augas.

SEGUNDA LECTURA Rm 5, 1-5

Lectura da Carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns: Xustificados pola fe, estamos en paz con Deus, por medio do noso Señor Xesús Cristo. Por El temos tamén acceso na fe a esta gracia na que nos mantemos; e nos sentimos ledos coa esperanza de acada-la gloria de Deus.

E non só isto, senón que nos alegamos nas tribulacións, sabendo que a tribulación enxendra a paciencia, a paciencia proba a fidelidade e a fidelidade produce a esperanza. E a esperanza non falla, porque o amor de Deus verteuse nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

EVANXEO Xn 16, 12-15

Lectura do Santo Evanxego segundo Xoán

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - Aínda teño moitas cousas que vos dicir, pero non podedes con elas agora. Cando veña El, o Espírito da Verdade, havos encamiñar á verdade plena, pois non vos falará pola súa conta, senón que vos dirá o que escoitou e anunciarávo-lo que ha de pasar.

El hame glorificar, pois recibirá do meu e interpretarávo-lo. Todo o que ten o Pai é meu, por iso vos dixen que recibirá do meu e volo interpretará. Todo o que ten o Pai é meu, por iso díxenvos que recibirá do meu e volo interpretará a vós.